

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 5 DE XANEIRO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE EN FUNCIONS:

Don Alberte Lamazares Casero

CONCELLEIRAS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a cinco de xaneiro de dous mil vinte e catro reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente en funcións Don Alberte Lamazares Casero, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da

Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as nove horas quince minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 29 de decembro de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS

Consta nas dependencias municipais a comunicación previa de execución de obras, presentada con data 7 de marzo de 2023 (RE-E núm. 145), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	MARÍA BELLA SALGADO RODRÍGUEZ
DNI	██████████

DOMICILIO	LUGAR DE ADELÁN, PARROQUIA DE GUILLAR
REPRESENTANTE	ECOGAL ENERGÍAS RENOVABLES, AUTOCONSUMO E EFICIENCIA ENERXÉTICA S.L.
CIF	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	INSTALACIÓN SOLAR FOTOVOLTAICA DE AUTOCONSUMO
LUGAR	ADELÁN
PARROQUIA	GUILLAR
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO DE NÚCLEO RURAL
RFA. CATASTRAL DO INMOBLE	36047A025003250001AO
DOCUMENTO TÉCNICO	SI (Memoria técnica redactada polo enxeñeiro industrial Don Fernando Álvarez Rodríguez, en data maio de 2023)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	15.951,40 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	DOUS (2) DÍAS
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 27/12/23)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de MIL OITOCENTOS OITENTA E DOUS EUROS CON TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (1.882,35 €).

Cuarto.- As obras deberán cumprir as condicións impostas pola autorización emitida polo Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas en Pontevedra mediante Resolución de data 16/11/23 (expediente núm. [REDACTED]).

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

3.- ADXUDICACIÓN DA OBRA DE “ACONDICIONAMENTO E REPARACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN LOUREIRO (SANTA BAIA DE CAMBA)” – EXPEDIENTE NÚM. PASS-O 1/2023

ANTECEDENTES

1º.- A Mesa de Contratación da obra de “ACONDICIONAMENTO E REPARACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN LOUREIRO (SANTA BAIA DE CAMBA)”, na reunión celebrada o día 22 de decembro de 2023, realizou por unanimidade proposta de adxudicación da licitación ao favor do licitador que obtivo a maior puntuación, unha vez admitidas e avaliadas todas as propostas presentadas, en aplicación do único criterio de adxudicación establecido no prego de cláusulas administrativas particulares, co seguinte resultado:

A/ Criterio avaliable automaticamente (ata 100 puntos)

LICITADOR	CIF	PREZO	PUNTOS
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	██████	47.840,90 €	100,00
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA S.L.	██████	52.271,38 €	0,82

B/ Resume da puntuación por orde decrecente

LICITADOR	CIF	PUNTUACIÓN TOTAL
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	██████	100,00
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA S.L.	██████	0,82

2º.- Non foi necesario requirir documentación complementaria ao licitador proposto dadas as exencións legais que a natureza sumaria do procedemento comporta, e estar acreditados os restantes requisitos para contratar nas inscricións da sociedade Construcciones y Obras Taboada Ramos S.L.U. nos correspondentes rexistros administrativos de contratistas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) dispón literalmente: “O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación (...)”.

Segundo.- O artigo 151 do mesmo texto legal dispón que a resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de quince días.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes e de conformidade co establecido na cláusula 24ª do prego de cláusulas administrativas particulares, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar o contrato para a execución da obra denominada “ACONDICIONAMENTO E REPARACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL EN LOUREIRO (SANTA BAIA DE CAMBA)” a favor do seguinte licitador:

LICITADOR: CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS
S.L.U.

CIF: ██████████

INSCRICIÓN NO RXC DE GALICIA: █

INSCRICIÓN NO ROLECE: SI

IMPORTE DA AXDUDICACIÓN SEN IVE: 39.537,93 €

IVE: 8.302,97 €

IMPORTE DA ADXUDICACIÓN CON IVE: Corenta e sete mil
oitocentos corenta euros con noventa céntimos (47.840,90 €)

MOTIVACIÓN DA ADXUDICACIÓN: Mellor puntuación en aplicación
do criterio de adxudicación establecido no prego.

Segundo.- A sociedade adxudicataria queda suxeita ao cumprimento
íntegro das obrigas establecidas no proxecto técnico e no prego que regula a
presente licitación.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e aos licitadores
e publicalo non perfil do contratante do Concello.

Cuarto.- De conformidade do previsto no artigo 159.6 g) da LCSP a
formalización do contrato efectuarase a través da sinatura de aceptación por
parte da sociedade adxudicataria do presente acordo de adxudicación.

Quinto.- Designar directora de obra e coordinadora en materia de
seguridade e saúde durante a execución á enxeñeira de camiños, canais e
portos Dona Leticia Diéguez Alonso.

4.- ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE “CONCILIA EN PERÍODO LECTIVO 2024” DENTRO DO PROGRAMA CONCILIA RODEIRO

A Concellería de Infancia, Igualdade e Transformación Dixital do
Concello vai continuar coa programación da actividade denominada “*Concilia
en período lectivo 2024*”, que se desenvolverá entre os días 8 de xaneiro e 21
de xuño do corrente, ambos inclusive. Dita actividade ten como principal
obxectivo ofertar un recurso de conciliación dos tempos persoais, familiares e

laborais para proxenitores con fillos e fillas con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos de idade durante o último semestre do período lectivo do curso escolar 2023-2024. O programa Concilia Rodeiro está validado pola Secretaría Xeral de Igualdade como unha medida municipal de conciliación a nivel autonómico.

As principais características da actividade a programar serán as seguintes:

- ✓ A nivel organizativo a actividade rexeráse polas Bases reguladoras do servizo de campamentos e servizos de conciliación do Concello de Rodeiro, aprobadas por acordo deste órgano adoptado na sesión de data 8 de xuño de 2022
- ✓ A actividade desenvolverase de luns a venres, agás días non lectivos e períodos vacacionais segundo o calendario escolar de Galicia para o curso académico 2023/2024. Dará comezo o día 8 de xaneiro de 2024 e estenderase ata o 21 de xuño de 2024. As datas de comezo e final da actividade correspóndese exactamente co inicio e final do último semestre do período lectivo do curso escolar 2023/2024.
- ✓ A actividade diríxese a nenos/as e rapaces/as de idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos, ambas inclusive, empadroados/as no Concello de Rodeiro.
- ✓ A programación desenvolverase en horario habitual de 16:20h. a 20:20h. de luns a xoves e os venres de 13:50. a 17:50h. Este horario pode sufrir algunha modificación de cambiar o horario de remate da xornada do CPI de Rodeiro para adaptarse á mesma.
- ✓ A inscrición na actividade realizarase mediante a presentación de solicitude e documentación complementaria no rexistro xeral do Concello. Realizarase unha solicitude por cada menor que solicita praza na actividade, indicando os días da semana que acudirá. Os/as menores xa inscritos/as no programa Concilia en período lectivo con anterioridade, non terán que presentar unha nova solicitude. Unicamente, de ser o caso, a documentación complementaria que non conste no seu expediente, ou a que sexa preciso actualizar como a referente á situación económica.
- ✓ O prazo de solicitude de participación na actividade Concilia Rodeiro queda aberto durante todo o período da actividade ata completar as prazas existentes.
- ✓ Fíxase un máximo de 30 prazas por día da semana. Poderá haber máis de 30 inscricións no programa pero non superar as 30 prazas en cada día da semana.
- ✓ De existir máis solicitudes que prazas ofertadas terán prioridade en primeiro lugar as familias monoparentais, unidades familiares con vítimas de violencia de xénero, unidades familiares con mulleres maiores de 45 anos, en situación de desemprego ou unidades familiares nas que a nai soporte outras cargas familiares a maiores do coidado das crianzas. En segundo lugar terán prioridade as unidades familiares nas que ambos proxenitores traballen, ordenados de menor a maior renda e a continuación o resto de unidades familiares que presenten solicitude ordenados de menor a maior renda.

- ✓ O custe mensual pola asistencia ao programa fixarase en base ao establecido na Ordenanza que establece o prezo público pola prestación de servizos e actividades educativas do Concello de Rodeiro (BOP núm. 194, do 07/10/10). Para valorar o nivel de renda da unidade familiar e así fixar o prezo público a abonar, terase en conta o exercicio fiscal 2022. De non ter presentada a declaración de IRPF de 2022 pedirase o último certificado de rendementos imputables dispoñible. As persoas solicitantes que non aporten documentación económica pagarán o prezo público máximo segundo as horas de asistencia.

5.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS

Vistos o orzamento presentado en data 18/12/23, os informes de insuficiencia de medios e da necesidade do contrato emitidos polo alcalde en funcións Don Alberte Lamazares Casero, con data 27/12/23, e xustificado no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de servizos consistente na planificación e desenvolvemento do programa de conciliación “*Concilia en período lectivo 2024*”, entre os días 8 de xaneiro e 21 de xuño do corrente, ambos inclusive, á sociedade GEMAGAR GALICIA S.L., con CIF núm. ██████████, e con domicilio social en Lalín, ao prezo de TRECE MIL CINCOCENTOS EUROS (13.500,00 €), IVE incluído.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 231/226 do presuposto en vigor.

6.- CONTRATACIÓNS LABORAIS PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORAS POR GOCE DE VACACIÓNS E PERMISOS LABORAIS

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Susana Otero García e Dona Rocío Morais Vila, traballadoras laborais do Concello en prazas de auxiliar de axuda no fogar, teñen solicitado o goce parcial das súas vacacións anuais e permisos laborais en diferentes datas do mes de xaneiro de 2024. Xa

que logo existe a necesidade de proceder á contratación urgente duns/dunhas novos/as traballadores/as que presten os devanditos servizos durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que as contratacións propostas non contradín a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2024, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urgente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que os postos de traballo deberan ser provistos nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde en funcións manifesta que, dada a urxencia das contratacións, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública das mesmas, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta da traballadora social municipal Dona Natalia Salgado Rodríguez, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliares de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, das seguintes traballadoras:

- ✓ VANESSA MARÍA MIRANDA OURO, con DNI núm. [REDACTED], a tempo parcial (31,15 horas/semana), entre os días 10 e 16 de xaneiro de 2024, ambos inclusive, en substitución de Rocío Morais Vila.

- ✓ ESPERANZA SILVA GONZÁLEZ, con DNI núm. [REDACTED], a tempo parcial (20 horas/semana), entre os días 9 e 18 de xaneiro de 2024, ambos inclusive, en substitución de Susana Otero García.

Segundo.- Facultar ao alcalde en funcións para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

7.- MODIFICACIÓN PARCIAL DAS BASES DO CONCURSO DE DECORACIÓN DO NADAL “RODEIRO É ILUSIÓN”

A proposta da concelleira-delegada de Cultura Dona Xulia Dacal Juiz, e motivado na dificultade en atopar nestas datas persoas que cumpran o requisito de formación e especialización profesional establecido nas Bases, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Modificar parcialmente as Bases do Concurso de Decoración do Nadal “*Rodeiro é ilusión*”, aprobadas por acordo deste órgano adoptado na sesión celebrada en data 30/11/23, substituíndo integramente a redacción da base novena pola seguinte:

“

O xurado estará formado polos seguintes integrantes:

PRESIDENTA: A concelleira-delegada de Cultura

VOGAIS: Tres (3) veciños/as ou naturais do Concello, designados/as pola Xunta de Goberno Local.

SECRETARIO (con voz e sen voto): O administrativo-encargado do Centro Cultural Municipal “Manuel Lamazares”.”

6.- DESIGNACIÓN DE VOGAIS DO CONCURSO DE DECORACIÓN DO NADAL “RODEIRO É ILUSIÓN”

De conformidade co establecido na base novena do Concurso de Decoración do Nadal “*Rodeiro é ilusión*”, a Xunta de Goberno Local, a proposta da Sra. concelleira-delegada de Cultura e por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda designar vogais integrantes do xurado do devandito concurso ás seguintes persoas:

- Dona Susana Hermida Diéguez.
- Dona María del Carmen Mazaira Bardelás.
- Dona Belén Villanueva Patao.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente en funcións dá por rematada a sesión, sendo as nove horas corenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde en funcións,
(sinatura dixital)